

Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.:

ACTA DA SESIÓN DO PLENO DO CONCELLO DE CARRAL (A CORUÑA) Nº5/2015, ORDINARIA, REALIZADA O 24 DE SETEMBRO DE 2015.

ASISTENTES

Presidente

Sr. Alcalde, FERNÁNDEZ MOURIÑO, José Luis(PP)

Concelleiros/as

Grupo municipal do PP

DUARTE GERPE, Florinda

GARCÍA GONZÁLEZ, Alfonso (abandona a sesión ás 13:19)

RAMILO VARELA, Margarita

BARBEITO REY, Carlos

MONTES MARTÍNEZ, José Manuel

REGUEIRA MOAR, Rubén

Grupo municipal do PSdeG-PSOE

COUTO LÓPEZ, Pablo

CETINA MOCHALES, Jesús Javier

BLANCO FIDALGO, Patricia

RODRÍGUEZ LADO, Manuela Candelaria

ORGEIRA CAMPELO, José Francisco

Grupo municipal mixto

BERGONDO TRILLO, César Manuel (ACC/SON)

Interventora do Concello

Noemí González Mato

Secretario do Concello

Diego García Doval

HORA DE INICIO: 12:05

HORA DE REMATE: 13:37

No Salón de Plenos do Concello, sendo as 12:05 horas do 24 de setembro de 2015, tras convocatoria efectuada polo Señor Alcalde mediante decreto do 21 de setembro de 2015, segundo o acordo plenario do 9 de xullo de 2015 polo que se estableceu a periodicidade das sesións ordinarias do Pleno, reúnen-se na sesión 5/2015, de carácter ordinario, e en primeira convocatoria, os señores/as corporativos/as expresados/as con anterioridade, procedéndose a abrir o acto, unha vez comprobada polo Secretario a existencia do quórum necesario para a válida constitución do órgano, para deliberar, no seu caso, e adoptar os correspondentes acordos sobre asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

Parte resolutiva da sesión

1.- Proposta de fixación de festas laborais locais para 2016.

2.-Proposta de aprobación da conta xeral do Concello de Carral correspondente ao ano 2014 e rendición dela ao Consello de Contas de Galicia e ao Tribunal de Cuentas.





Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.:

Parte da sesión de control dos demais órganos da Corporación

3.- Dación de conta de decretos da Alcaldía e, no seu caso, de reparos da Intervención do Concello.

4.- Mocións dos grupos políticos, no seu caso.

5.- Rogos e preguntas.

PARTE RESOLUTIVA DA SESIÓN

1.- PROPOSTA DE FIXACIÓN DE FESTAS LABORAIS LOCAIS PARA 2016.

EXPOSICIÓN

No expediente da sesión consta a seguinte proposta da Alcaldía ao Pleno, do 8 de setembro de 2015, como segue:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO

ASUNTO: Proposta de fixación de festas laborais locais para 2016

Con data do 30 de xullo de 2015 recibíuse no Concello (rexistro de entrada 1.932) un escrito remitido polo Servizo de Relacións Laborais da Xefatura Territorial da Coruña da Consellaría de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, solicitando do Concello a proposta de determinación de festas laborais locais para o ano 2016, (de acordo co establecido no artigo 37.2 do Real Decreto Lexislativo 1/1995, de 24 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, e no artigo 46 do Real Decreto 2001/1983, do 28 de xullo, declarado vixente pola disposición derogatoria única do Real Decreto 1561/1995, do 21 de setembro, sobre xornadas especiais de traballo), e a súa remisión ao departamento territorial da devandita Consellaría antes do 30 de setembro de 2015.

En uso das atribucións que me conferen coma Alcalde os artigos 21.1 a), e c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL en adiante), e 80 e 82 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, **PROPOÑO AO PLENO DO CONCELLO**, que, previo o preceptivo ditame da Comisión Informativa correspondente, coma órgano competente ao efecto, de acordo co artigo 46 do Real Decreto 2001/1983, de 28 de xullo, adopte os seguintes **ACORDOS**:

1.- Propoñer a fixación das seguintes festas laborais locais de Carral (A Coruña) para o ano 2016:


-9 de febreiro de 2016 (Martes de Entroido)

-8 de setembro de 2016 (Virxe do Socorro)

2.- Comunicar a proposta ao Departamento Territorial do Servizo de Relacións Laborais da Consellaría de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia antes do 30 de setembro de 2015. "

A comisión informativa permanente de asuntos xerais do Pleno, emitiu na súa sesión ordinaria do 21 de setembro de 2015 ditame favorable á proposta, en votación ordinaria, por unanimidade dos nove señores/as concelleiros/as dos grupos municipais do PP, do PSdeG-PSOE e do grupo mixto (ACC/SON) presentes na sesión.





Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.:

DEBATE

O señor Bergondo Trillo (voceiro do grupo municipal mixto-ACC/SON) manifesta que non ten inconveniente con esas datas, pois está ben elixir o Socorro, e o Martes de Entroido coma na Coruña, o que facilita compaxinar os nenos. Manifesta que non lle parece ben que só haxa estes dous temas na orde do día da sesión tras dous meses, e que cobrar 600€ do contribuínte por iso lle parece un "cachondeo".

O señor Couto López (voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE) manifesta que está de acordo coas datas propostas, aínda que o mellor sería consultar aos veciños, mais coida que estarían de acordo. Engade que a orde do día da sesión tamén lle parece bastante pobre.

VOTACIÓN E ACORDOS

Sometida a votación, o Pleno aproba a proposta, en votación ordinaria, por unanimidade dos/as trece señores/as Concelleiros/as que compoñen a Corporación e están presentes na sesión, adoptando os seguintes acordos:

1.- Proponer a fixación das seguintes festas laborais locais de Carral (A Coruña) para o ano 2016:

-9 de febreiro de 2016 (Martes de Entroido)

-8 de setembro de 2016 (Virxe do Socorro)

2.- Comunicar a proposta ao Departamento Territorial do Servizo de Relacións Laborais da Consellaría de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia antes do 30 de setembro de 2015.

2.-PROPOSTA DE APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO CONCELLO DE CARRAL CORRESPONDENTE AO ANO 2014 E RENDICIÓN DELA AO CONSELLO DE CONTAS DE GALICIA E AO TRIBUNAL DE CUENTAS.

EXPOSICIÓN

No expediente da sesión consta a seguinte proposta da Alcaldía ao Pleno, do 11 de setembro de 2015:

"PROPOSTA DO ALCALDE AO PLENO

Asunto: Aprobación da conta xeral do Concello de Carral correspondente ao ano 2014 e rendición dela ao Consello de Contas de Galicia e ao Tribunal de Cuentas.

Logo de formar a Intervención do Concello de Carral (A Coruña) a conta xeral correspondente ao exercicio de 2014, e de poñer as contas e a documentación complementaria que a integran a disposición dos/as membros da comisión especial de contas do Concello dende o 16 de xullo de 2015, en cumprimento do establecido no artigo 212.4 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, a devandita comisión emitiu informe favorábel ao respecto na súa sesión realizada o 5 de agosto de 2015.

En cumprimento do establecido no art. 212.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais, a conta xeral e o devandito informe da comisión especial de contas quedaron expostos ao público por prazo de 15 días dende a publicación do anuncio no Bolefín Oficial da Provincia da Coruña nº 153, do 13 de agosto de 2015, durante os cales e cara máis os/as interesados/as tiveron a oportunidade de presentar reclamacións, reparos ou observacións.





Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.:

Dado que, segundo o informe emitido o 11 de setembro de 2015 pola auxiliar do rexistro xeral do Concello, durante o devandito prazo non se presentou ningunha reclamación ao respecto, polo que non procede o seu exame pola comisión especial nin a emisión de novo informe,

PROPOÑO AO PLENO

a adopción dos seguintes acordos, en cumprimento do establecido nos artigos 212.4 e .5, e 223 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, da Lei 7/1988, de 5 de abril, de Funcionamiento do Tribunal de Cuentas, e 25.2 da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia:

1.- *Aprobar a conta xeral do Concello de Carral correspondente ao exercicio de 2014.*

2.- *Rendir ao Tribunal de Cuentas e ao Consello de Contas de Galicia a devandita conta xeral debidamente aprobada."*

No expediente tamén consta o documento da Conta Xeral formada pola Intervención do Concello.

Asemade, como se indica na proposta, a comisión especial de contas emitiu, na súa sesión extraordinaria e constitutiva realizada o 5 de agosto de 2015, ditame favorable á aprobación da Conta Xeral do Concello correspondente ao exercicio de 2014, en votación ordinaria, por cinco votos a favor dos/as señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PP presentes na sesión, e con catro abstencións dos/as señores/as concelleiros dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e mixto, presentes na sesión.

DEBATE

O señor Couto López, voceiro do grupo municipal do PsdeG-PSOE, manifesta que nas contas se fai referencia a varios reparos da Intervención, e que algúns deles veñen de 2008 ou 2009, polo que deberían corrixirse en tempo e forma, coma os referentes ao servizo de axuda no fogar ou a recollida do lixo. O señor Alcalde puntualiza que se debe de referir á limpeza viaria, non á recollida do lixo. O señor Couto indica que, pese a levala a cabo unha asociación sen ánimo de lucro, tamén se poderían presentar outras para facer eses traballos.


VOTACIÓN E ACORDOS

Sometida a votación, o Pleno aproba a proposta, en votación ordinaria, por sete votos a favor dos/as señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PP, fronte a seis votos en contra dos/as señores/as concelleiros/as dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e mixto, presentes na sesión, adoptando os seguintes acordos:

1.- Aprobar a conta xeral do Concello de Carral correspondente ao exercicio de 2014.

2.- Rendir ao Tribunal de Cuentas e ao Consello de Contas de Galicia a devandita conta xeral debidamente aprobada.





Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.:

PARTE DA SESIÓN DE CONTROL DOS DEMAIS ÓRGANOS DA CORPORACIÓN

3.- DACIÓN DE CONTA DE DECRETOS DA ALCALDÍA E, NO SEU CASO, DE REPAROS DA INTERVENCIÓN DO CONCELLO.

O señor Alcalde expón que os/as señores/as membros da Corporación tiveron á súa disposición os seguintes decretos ditados por el entre o 28 de xullo de 2015 e o 21 de setembro de 2015 (dende a anterior sesión ordinaria do Pleno, até a convocatoria da presente sesión plenaria), dos que se deu conta ao Pleno.

Nº	DATA	ASUNTO
336	28/07/2015	Convocatoria X.G.L. 1/2015 (Mandato 2015-2019), ordinaria constitutiva (29/07/2015).
337	28/07/2015	Incoación expediente orde execución limpeza finca Francisco Bello Mosquera (EXP. LP 30/15)
338	28/07/2015	Incoación expediente orde execución limpeza finca D. Antonio Rodriguez Fuentes (EXP. LP 33/15)
339	28/07/2015	Contrato: Obra " <i>Intersección con carril central na N-550 para acceso a IES (Carral)</i> ", ao abeiro do convenio de colaboración asinado o 4 de maio de 2015 entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Carral para o financiamento da obra. Procedemento: Negociado sen publicidade (non suxeito a regulación harmonizada). Criterios de negociación: Varios (segundo pregos-tipo da Deputación Provincial da Coruña) Trámite: Adjudicación (fiscalización previa).
340	28/07/2015	Incoación expediente orde execución limpeza finca ORDARI, SL (EXP. LP 31/15)
341	29/07/2015	Incoación expediente orde execución limpeza finca CABELOS, SL (EXP. LP 34/15)
342	29/07/2015	Incoación expediente orde execución limpeza finca MONTAJES ARCADIA, SA (EXP. LP 35/15)
343	30/07/2015	Concesión de prestación do servizo de axuda no fogar (libre concorrancia) a D ^a . Mercedes Lombardero Fernández
344	30/07/2015	Concesión de ampliación de prestación do servizo de axuda no fogar (libre concorrancia) a D ^a . María Sofía Gómez Uzal
345	31/07/2015	Asunto: Aprobación de bases para a contratación laboral temporal de 1 oficial de 2 ^a /albanel e 2 péons/albaneis, a tempo parcial (25 horas semanais), durante tres meses, na modalidade contractual de obra ou servizo determinado, condicionado o contrato á Resolución de Presidencia 2015/7609 de aprobación do programa de financiamento das cuadrillas de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes, anualidade 2015, da Excelentísima Deputación Provincial da Coruña.
346	03/08/2015	Asunto: Iniciación expediente contratación (contrato menor) da obra " <i>Ampliación, adecuación e mellora da rede de parques rurais en Carral: A Gabra, As Travesas e O Canedo</i> ", financiada parcialmente mediante unha subvención da Dirección Xeral de Administración Local da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, concedida ao abeiro da Orde do 22 de decembro de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora das infraestructuras, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais destinados a concellos de Galicia para o ano 2015, de forma individual a mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2007-2013. (A actuación conta, por tanto, co financiamento da Unión Europea, Fondos Feader, do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente e da Xunta de Galicia-Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza/Dirección Xeral de Administración Local)
347	03/08/2015	Asunto: Solicitude de D. Darie Alexandru Valer de autorización para cambio de vehículo vinculado á licenza de auto-taxi nº 10 e autorización para a instalación de publicidade exterior nel.






Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.:

348	04/08/2015	Asunto: Aprobación do plan de seguridade e saúde e do plan de xestión de residuos da obra "Intersección con carril central na N-550 para acceso a IES (Carral)", ao abeiro do convenio de colaboración asinado o 4 de maio de 2015 entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Carral para o financiamento da obra.
349	05/08/2015	Asunto: Solicitud a Xunta de Galicia (Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria) de subvención ao abeiro da Orde do 22 de xuño de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras da subvención plurianual a concellos de Galicia para a mellora das coleccións bibliográficas das bibliotecas ou axencias de lectura pública municipais integradas na Rede de bibliotecas de Galicia e se procede á súa convocatoria para o período do 1 de maio de 2015 ao 1 de abril de 2016.
350	05/08/2015	Asunto: Aprobación e pagamento a Unión Fenosa Distribución de dereitos para a execución de acometida eléctrica ao novo IES de Carral
351	05/08/2015	Asunto: Aprobación e pagamento aos concellos de Prato (Italia) e Slupsk (Polonia) programa Erasmus+ 2014-2022
352	05/08/2015	Asunto: Solicitud de oferta adicional para a contratación (contrato menor) da obra "Ampliación, adecuación e mellora da rede de parques rurais en Carral: A Cabra, As Travesas e o Canedo", financiada parcialmente mediante unha subvención da Dirección Xeral de Administración Local da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, concedida ao abeiro da Orde do 22 de decembro de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora de infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais destinados a concellos de Galicia para o ano 2015, de forma individual a mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2007-2013. (A actuación conta, por tanto, co financiamento da Unión Europea, Fondos Feader, do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente e da Xunta de Galicia- Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza/Dirección Xeral de Administración Local).
353	06/08/2015	Asunto: Liquidación servizo de axuda no fogar-prestacións básicas – (xaneiro, xuño e xullo de 2015)
354	06/08/2015	Asunto: Liquidación servizo de axuda no fogar-prestacións de dependencia – (xaneiro e xullo de 2015)
355	06/08/2015	Liquidación de taxa por aboamentos complexo deportivo (agosto de 2015)
356	06/08/2015	Autorización de pagamento a xustificar 20/2015
357	06/08/2015	Incoación expediente orde execución limpeza finca D. José M. Andrade Insua (EXP. LP 36/15)
358	07/08/2015	Recoñecemento da obriga e pagamento factura 43/30-7-2015 Rebeca Rivera Sar.
359	07/08/2015	Incoación expediente xestión biomasa Lei prevención e defensa contra incendios forestais (Exp FOR 8/2015)
360	07/08/2015	Incoación expediente orde execución limpeza finca herdeiros/as D ^a . Carmen Sánchez Garcia e outros (EXP. LP 37/15)
361	07/08/2015	Incoación expediente orde execución limpeza finca D ^a . María José Juega Buide (EXP. LP 38/15)
361bis	07/08/2015	Resolución de inicio procedementos sancionadores de tráfico.
362	10/08/2015	Asunto: Aprobación, exposición pública e posta ao cobramento de padrón auga-sumidoiros-depuración- canon da auga 4º trimestre 2014
363	11/08/2015	Convocatoria X.G.L. 2/2015 (Mandato 2015-2019), ordinaria (12/08/2015).
364	11/08/2015	Asunto: Adjudicación do contrato menor de obra "Ampliación, adecuación e mellora da rede de parques rurais en Carral: A Cabra, As Travesas e O Canedo", financiada parcialmente mediante unha subvención da Dirección Xeral de Administración Local da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, concedida ao abeiro da Orde do 22 de decembro de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais





Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campos da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.:

- destinados a concellos de Galicia para o ano 2015, de forma individual a mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2007-2013. (A actuación conta, por tanto, co financiamento da Unión Europea, Fondos Feader, do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente e da Xunta de Galicia- Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza/Dirección Xeral de Administración Local).
- 365 11/08/2015 Asunto: Iniciación do expediente de contratación da obra "Acondicionamento de estradas locais en Quembre. Concello de Carral", ao abeiro do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de competencia municipal (POS) 2015, da Deputación Provincial da Coruña.
- 366 11/08/2015 Asunto: Incoación expediente orde execución limpeza finca Gestiones Inmobiliarias Esnero SLU (EXP. LP 39/15)
- 367 11/08/2015 Asunto: Incoación expediente xestión biomasa Lei prevención e defensa contra incendios forestais (Exp FOR 9/2015)
- 368 11/08/2015 Asunto: Incoación expediente xestión biomasa Lei prevención e defensa contra incendios forestais (Exp FOR 10/2015)
- 369 11/08/2015 Asunto: Incoación expediente xestión biomasa Lei prevención e defensa contra incendios forestais (Exp FOR 11/2015)
- 370 11/08/2015 Asunto: Resolución expediente orde execución limpeza finca Antonia Gende Paris (EXP. LP 19/15)
- 371 11/08/2015 Asunto: Licenza administrativa para a tenza de animais potencialmente perigosos nº 13 (Exp P.P. Iván Manuel Mejuto Rey)
- 372 11/08/2015 Asunto: Inscripción no rexistro de animais potencialmente perigosos nº 15 (Exp Rottweiler-Eros- Iván Manuel Mejuto Rey)
- 373 11/08/2015 Aprobación expediente modificación contrato obra "Vestiaros campo de fútbol dos Capelos"
- 374 12/08/2015 Asunto: Transmisión de dous postos autorizados para a venda ambulante nas feiras de Carral, e dúas baixas de autorización.
- 375 13/08/2015 Asunto: Inicio de expediente de modificación do contrato da obra: "Reforma de local social para Casa da xuventude", ao abeiro do convenio de colaboración asinado o 27 de decembro de 2013 entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Carral para o financiamento da obra.
Procedemento: Negociado sen publicidade (non suxeito a regulación harmonizada).
Criterios de negociación: Varios (segundo pregos-tipo da Deputación Provincial da Coruña)
Trámite: Inicio expediente modificación contrato.
- 376 13/08/2015 Asunto: Solicitud de D. Ricardo Chas García de autorización de vao para a entrada de vehículos a través de beirarrúa, na Rúa Travesía Alto do Castro, nº 6, Santo Estevo de Paleo.
- 377 13/08/2015 Asunto: Toma de coñecemento de comunicación previa de D. Rafael Varela Cabanillas (e/r Gas Galicia SAG, S.A.) de obra menor para canalización para ampliación de subministración de gas na rúa Sagarzu nº 2, Santo Estevo de Paleo.
- 378 13/08/2015 Asunto: Aprobación do plan de seguridade e saúde da obra "Ampliación, adecuación e mellora da rede de parques rurais en Carral: A Cabra, As Travesas e O Canedo", financiada parcialmente mediante unha subvención da Dirección Xeral de Administración Local da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, concedida ao abeiro da Orde do 22 de decembro de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais destinados a concellos de Galicia para o ano 2015, de forma individual a mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2007-2013. (A actuación conta, por tanto, co financiamento da Unión Europea, Fondos Feader, do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente e da Xunta de Galicia- Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza/Dirección Xeral de Administración Local).






Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.:

379	14/08/2015	Asunto: Incoación expediente xestión biomasa Lei prevención e defensa contra incendios forestais (Exp FOR 12/2015)
380	14/08/2015	Asunto: Aprobación e pagamento á Xunta de Galicia (Consellaría de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza) de taxa de "autorización de espectáculos públicos" para obtención de permiso de ampliación do horario dos locais de ocio durante as festas de Carral.
381	17/08/2015	Asunto: Solicitude á Xunta de Galicia (Secretaría Xeral para o Deporte) dunha subvención nominativa mediante o correspondente convenio para o financiamento das obras de "Construción de dúas pistas de pádel", no lugar de Paleo, parroquia de Santo Estevo de Paleo, Carral, segundo o documento técnico elaborado en xullo de 2015 polo arquitecto técnico do Concello, D. Francisco José Goyanes Fernández.
382	18/08/2015	Asunto: Toma de coñecemento de comunicación previa de D. Anxo Gómez Sánchez de obra menor para varias reformas da vivenda sita en Guindisal, 23, Santa Mariña de Beira.
383	18/08/2015	Asunto: Toma de coñecemento de comunicación previa de D. José Ramón de la Iglesia Rey de obra menor para peche de parcela (altura máxima 1,50 m.) sita en Beira, 19-B, Santa Mariña de Beira.
384	18/08/2015	Asunto: Toma de coñecemento de comunicación previa de D. Manuel Bascoy Bermúdez de obra menor para peche de parcela (altura máxima 1,50 m.) sita na Rúa Manuel Méndez Bua, Santo Estevo de Paleo.
385	18/08/2015	Asunto: Toma de coñecemento de comunicación previa de D ^a . Yolanda Díaz Salorio de obra menor para reparación de peche de parcela (altura máxima 1,50 m.) sita na Abrigosa, 24, San Vicente de Vigo.
386	18/08/2015	Asunto: Toma de coñecemento de comunicación previa de D ^a . Isabel Souto Boquete de obra menor para colocación de dúas fiestras en vivenda sita en Piñeiro, 14, San Martiño de Tabeaio.
387	21/08/2015	Asunto: Concesión de prestación do servizo de axuda no fogar (libre concorrencia) a D ^a . María Paz Mata Martín
388	21/08/2015	Asunto: Baixa na prestación do servizo de axuda no fogar de D ^a . Amelia Domínguez Esporas
389	24/08/2015	Asunto: Substitución do Señor Alcalde pola Señora 1 ^a Tenente de Alcalde por ausencia (24 a 30 de agosto de 2015)
390	25/08/2015	Convocatoria X.G.L. 3/2015 (Mandato 2015-2019), ordinaria (26/08/2015).
391	27/08/2015	Asunto: Toma de coñecemento de comunicación previa de D. José Antonio Fernández Amaro (e/r Unión Fenosa Distribución, S.A.) de obra menor para construción de arqueta en beirarrúa na Rúa Belvis, para subministración de enerxía eléctrica a edificio sito na Rúa Víctor Velasco, 2, Santo Estevo de Paleo.
392	27/08/2015	Asunto: Concesión de prestación do servizo de axuda no fogar (libre concorrencia) a D. Manuel Rodríguez Santiso.
393	28/08/2015	Asunto: Renovación tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalidez D. Gonzalo Mosquera Prego.
394	31/08/2015	Asunto: Resolución expediente orde execución limpeza finca Antonio Rodríguez Ínsua (EXP. LP 17/15)
395	31/08/2015	Asunto: Incoación expediente xestión biomasa Lei prevención e defensa contra incendios forestais (Exp FOR 6/2015)
396	31/08/2015	Asunto: Resolución expediente ordenación forestal (Exp OR FOR 1/2015)
397	31/08/2015	Asunto: Delegación da Presidencia efectiva da Comisión informativa especial de contas.
398	31/08/2015	Asunto: Concesión de prestación do servizo de axuda no fogar (libre concorrencia) a D. Manuel Gómez Gómez.
399	01/09/2015	Asunto: Autorización de pagamento a xustificar 21/2015
400	01/09/2015	Asunto: Incoación expediente orde execución limpeza finca María Ángeles García Seoane (EXP. LP 40/15)
401	02/09/2015	Asunto: Recoñecemento da obriga e pagamento factura 44/30-8-2015 Rebeca Rivera Sar.
402	03/09/2015	Asunto: Liquidación de taxa por aboamentos complexo deportivo (setembro de 2015)
403	03/09/2015	Asunto: Declaración de elevación a definitivo do acordo plenario inicial de derogación do regulamento orgánico municipal do Concello de Carral (art. 49.c) par2º da lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).





Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.:

404	03/09/2015	Asunto: Autorización de pagamento a xustificar 22/2015
405	03/09/2015	Asunto: Autorización de pagamento a xustificar 23/2015
406	03/09/2015	Asunto: Xustificación de pagamento a xustificar 19/2015
407	03/09/2015	Asunto: Incoación expediente xestión biomasa Lei prevención e defensa contra incendios forestais (Exp FOR 13/2015)
407bis	03/09/2015	Decreto resolución expedientes sancionadores de tráfico
408	04/09/2015	Asunto: Concesión de prestación do servizo de axuda no fogar (libre concorrancia) a D. Antonio Meijide Fariña
409	04/09/2015	Asunto: Concesión de ampliación de prestación do servizo de axuda no fogar (libre concorrancia) a D ^a . Josefina Barreiro Torreiro
410	04/09/2015	Asunto: Concesión de ampliación de prestación do servizo de axuda no fogar (libre concorrancia) a D ^a . Nieves Vázquez García
411	04/09/2015	Asunto: Contratación laboral temporal de 1 oficial de 2ª/albanel e 2 péons/albaneis, a tempo parcial (25 horas semanais), durante tres meses, na modalidade contractual de obra ou servizo determinado, condicionado o contrato á Resolución de Presidencia 2015/7609 de aprobación do programa de financiamento das cuadrillas de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes, anualidade 2015, da Excelentísima Deputación Provincial da Coruña.
412	08/09/2015	Asunto: Aprobación certificación nº 4 da obra: "Reforma de local social para Casa da xuventude", ao abeiro do convenio de colaboración asinado o 27 de decembro de 2013 entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Carral para o financiamento da obra.
413	08/09/2015	Asunto: Aprobación certificación nº 5 da obra: "Reforma de local social para Casa da xuventude", ao abeiro do convenio de colaboración asinado o 27 de decembro de 2013 entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Carral para o financiamento da obra.
414	08/09/2015	Asunto: Liquidación servizo de axuda no fogar-prestacións básicas – (febreiro e agosto de 2015)
415	08/09/2015	Asunto: Liquidación servizo de axuda no fogar-prestacións de dependencia – (febreiro e agosto de 2015)
416	08/09/2015	Asunto: Incoación expediente orde execución limpeza finca Isidro Ramos Bergondo (EXP. LP 41/15)
417	08/09/2015	Asunto: Incoación expediente orde execución limpeza finca Manuel Montes Mosquera (EXP. LP 42/15)
418	08/09/2015	Asunto: Incoación expediente xestión biomasa Lei prevención e defensa contra incendios forestais (Exp FOR 14/2015)
419	09/09/2015	Contrato: Obra "Acondicionamiento de estradas locais en Quembre. Concello de Carral", ao abeiro do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de competencia municipal (POS) 2015, da Deputación Provincial da Coruña. Procedemento: Negociado sen publicidade (non suxeito a regulación harmonizada). Criterios de negociación: Varios (segundo pregos-tipo da Deputación Provincial da Coruña) Trámite: Adxudicación.
420	09/09/2015	Asunto: Comunicación de accidentalidade da Secretaría do Concello por ausencia do titular por vacacións entre os días 11 e 22 de setembro de 2015, e por permiso por asuntos persoais (art. 76,3 T.R. Lei de función pública de Galicia) o día 28 de setembro de 2015.
421	09/09/2015	Asunto: Modificación do Orzamento Xeral do Concello Exp M.C.7/2015, X.C. 5/2015
422	09/09/2015	Asunto: Concesión de ampliación de prestación do servizo de axuda no fogar (libre concorrancia) a D ^a . Rosario Bermúdez Barbeito
423	09/09/2015	Asunto: Concesión de ampliación de prestación do servizo de axuda no fogar (libre concorrancia) a D ^a . Antonia Fariña Merelas
424	16/09/2015	Convocatoria X.G.L. 4/2015 (Mandato 2015-2019), ordinaria (17/09/2015).
425	17/07/2015	Convocatoria Comisión informativa permanente de asuntos xerais do Pleno 2/2015 (Mandato 2015-2019), ordinaria (21/09/2015).
426	17/09/2015	Asunto: Incoación expediente xestión biomasa Lei prevención e defensa contra incendios forestais (Exp FOR 15/2015)
427	18/09/2015	Asunto: Incoación expediente xestión biomasa Lei prevención e defensa contra incendios





Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.:

428

21/09/2015

forestais (Exp FOR 17/2015)

Convocatoria Pleno 5/2015 (Mandato 2015-2019), ordinaria (24/09/2015).

4.- MOCIÓNS DOS GRUPOS POLÍTICOS, NO SEU CASO.

O Señor Alcalde pregunta se algún grupo municipal desexa presentar algunha moción, segundo o establecido nos artigos 91.4 e 97.3 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF en adiante) e, dado que os señores voceiros dos grupos municipais do PP e do PSdeG-PSOE indican que si, procédese de seguido segundo o establecido no artigo 91.4 ROF en relación ás mocións que presentan tales grupos municipais.

4.1.- Mocións do grupo municipal do PSdeG-PSOE relativa á crise migratoria e á situación dos refuxiados que chegan a Europa e do PP, para asumir a atención aos refuxiados como unha cuestión de estadamixto (ACC-SON) para desenvolver un Plan de formación que permita unha utilización intensiva dos locais municipais.

EXPOSICIÓN

O señor Couto López, voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE entregou o texto da súa moción por escrito, como segue:

“ MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DO CONCELLO DE CARRAL RELATIVA A CRISE MIGRATORIA E Á SITUACIÓN DOS REFUXIADOS QUE CHEGAN A EUROPA.

De acordo co previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Carral desexa someter á consideración do Pleno a seguinte **Moción**

EXPOSICION DE MOTIVOS:

Soamento o conflito en Siria provocou o desprazamento de 4.000.000 de persoas segundo ACNUR. En Turquía permanecen arredor de 2.000.000. Líbano, Iraq, Xordania, Exipto e outros países norteafricanos repártense case a totalidade do resto.

Algúns refuxiados preferiron continuar camiño, por iso, entre outras nacionalidades, moitos sirios forman parte das 264.500 persoas que chegaron a Territorio da Unión Europea a través do Mediterráneo desde xaneiro ata o 14 de agosto deste ano 2015, segundo ACNUR.

A traxedia de Lampedusa en outubro de 2013, na que morreron 368 persoas, marcou un desgraciado fito na Unión Europea. As reaccións dos dirixentes comunitarios e nacionais inducíronnos a pensar que se porían en marcha solucións para que non volvесе repetirse unha traxedia humana desas dimensións. Por desgraza, dous anos despois seguimos asistindo a mortes non só no Mediterráneo, senón en todo o territorio europeo, de persoas inocentes cuxo único propósito é fuxir da guerra ou da miseria. Hoxe a traxedia é que miles de persoas desesperadas que foxen da morte, están dispostas a arriscar a súa vía e, en demasiadas ocasións, perdela.

Non podemos aceptar como inevitables as traxedidas humanas que viven os refuxiados nin as mortes de persoas que se afoğan no Mediterráneo ou se asfixian encerrados nun camiión. Non os podemos deixar a mercé dos traficantes de persoas sen escrúpulos no camiño cara a un futuro mellor, porque se non teñen outra alternativa na súa fuxida, seguirán arriscando as súas vidas.

Aínda que Europa non estea a acoller en termos relativos o maior número de refuxiados neste caso





Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.:

humanitaria, o certo é que as capacidades de moitos países están a verse desbordadas. Nesta crise, a ruta de entrada a Europa atópase lonxe de España. Maioritariamente, as vías de entrada con destino aos países do Norte atópanse en Grecia e Italia. Con todo, a crise está a pór a proba a todos os dirixentes europeos porque case todos eles estanse vendo afectados por ela nunha ou outra medida.

A dimensión da crise é inabordable por ningún país en solitario. Nestas circunstancias é necesario que todos os países se involucren ao máximo en buscar solucións aos problemas e desde a Comisión europea fixéronse propostas para que todos os países da Unión actúen conforme ao principio de solidariedade. Con todo, o Goberno de España, xunto a outros, parece máis interesado en desvincularse dun problema que hoxe non lle afecta de cheo que en ter unha actitude proactiva e solidaria.

Desde logo que non existen fórmulas sinxelas para acometer todas as actuacións que é necesario abordar para mitigar un problema que resulta de máxima complexidade na súa raíz e nas súas derivadas. Son necesarias medidas nacionais, europeas e internacionais, medias a curto, medio e longo prazo, plans e perspectivas novas para que un problema que se manifestou como nunca o fixo.

O Grupo parlamentario socialista, quere contribuír con decisión, con iniciativa e desde a mellor disposición ao diálogo, na achega dalgunhas propostas que van naliña de dar pasos asiantes. Debemos apartarnos do ensimesmamento ou da resignación que non conduce máis que á repetición dos problemas e, por suposto, debemos de abandonar unha posición que non está en consonancia co sentir maioritario dunha cidadanía española que si é solidaria. Aínda está viva na memoria a solidariedade que outros mostraron con que tamén tiveron que fuxir de España por motivos da guerra e posterior persecución que viviu o noso país. Dar as costas a quen hoxe necesita é inxusto en si mesmo, e ademais, un torpe precedente ante futuras situacións de crises que se poidan pór en cuestión a capacidade do noso país.

Seguramente non serán as únicas propostas válidas e viables, pero si consideramos que son os mínimos para comezar a traballar na boa dirección.

Por todo iso, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Carral presenta para a súa consideración e aceptación polo Pleno Municipal a seguinte MOCION instando o Goberno de España a:

- Apoiar todas as vías diplomáticas existentes e promover a creación de cantas resulten necesarias para actuar con determinación na procura da pacificación dos países en conflito.
- Traballar en favor dunha política integral de inmigración e asilo na Unión Europea. A Unión debe contar coas competencias para abordar en común os instrumentos de ordenación dos fluxos migratorios, a integración e a cooperación con terceiros países, así como unha autoridade capaz de adoptar decisións executivas cando a situación o requira.
- Reforzar, desde unha perspectiva europea e nacional, o diálogo e a cooperación cos países do Norte de África que permitan unha adecuada atención aos refuxiados e seguir traballando para evitar a actuación dos traficantes que poñan en perigo as súas vidas.
- Reforzar así mesmo a cooperación cos países en conflito e cos que acollen a un maior número de refuxiados, complementando a asistencia de ACNUR e a Unión Europea.
- Aceptar os solicitantes propostos pola Comisión Europea e aumentar de forma inmediata o orzamento destinado ao asilo e a acollida de refuxiados.
- Diseñar con urxencia un Plan de acollida humanitaria a refuxiados. Este plan debe ter dispostas prazas de acollida dignas, posibilidades de escolarización para os menores, atención sanitaria e social, en colaboración coas CCAA e a FEMP.
- Aprobar, canto antes, o Regulamento da Lei 12/2009, de 30 de outubro, reguladora do dereito de asilo e a protección subsidiaria.





Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.:

- O concello de Carral comprométese a sumarse á denominada rede de cidades-refuxio preparando dispositivos de acollida, e convida á cidadanía e implicarse e colaborar, na medida das súas posibilidades, na atención e axuda aos refuxiados.
- Desenvolver unha campaña de sensibilización da poboación sobre a necesidade de contar cunha política de asilo como parte esencial da democracia, o respecto á dignidade humana e aos dereitos humanos, e que, así mesmo, procure previr a aparición actitudes racistas ou xenófobas.
- A Corporación Municipal creará unha Mesa de Apoio a Refuxiados para realizar un traballo estable e permanente que poña en marcha as diferentes medidas para a súa mellor atención e apoio-

setembro 2015
(sinatura ilexible)
Pablo Couto López

Voceiro Grupo Municipal Socialista

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DA CORPORACIÓN MUNICIPAL".

Pola súa banda, a señora Duarte Gerpe, voceira do grupo municipal do PP entregou o texto da súa moción por escrito, como segue:

"Moción para asumir a atención aos refuxiados como unha cuestión de Estado

Europa está a asistir nestes momentos a unha grave crise humanitaria motivada polo desprazamento de miles de persoas que foxen do terror e a guerra nos seus países de orixe e buscan en Europa un espazo de seguridade, liberdade e respecto aos dereitos humanos.

As connotacións enormemente dramáticas da situación humanitaria que estamos a vivir inclúen a terrible perda de vidas humanas, e demandan que todos nos impliquemos na procura de solucións á mesma.

Esta é unha cuestión de Estado, que require a máxima coordinación na Unión Europea e no resto da Comunidade Internacional; así como a colaboración, a nivel nacional, de todas as Administracións, organizacións e entidades do terceiro sector e sociedade civil no seu conxunto.

A sociedade española volveu a demostrar, unha vez máis, a enorme solidariedade e o gran compromiso que os españois sempre demostraron cos que sofren.

O Goberno da Nación traballa desde hai meses na xestión desta crise. Xa no mes de maio púxose en marcha un equipo de traballo coa participación dos diferentes departamentos ministeriais implicados, do que tomou testemuña un Grupo Interministerial formado por representantes de sete ministerios, que traballa xa con toda intensidade para preparar, de acordo coas decisións europeas, a xestión do traslado, acollida e integración dos solicitantes de protección internacional.

Así mesmo, reuniuse xa a Conferencia Sectorial da Inmigración, coa participación das Comunidades Autónomas e a Federación Española de Municipios e Provincias e intensificáronse as reunións e contactos coas entidades especializadas na atención e integración de refuxiados, así como cos representantes de ACNUR.

O Goberno da Nación mostrou en todo momento a súa disposición para colaborar á hora de facer fronte a esta crise e comprometeuse a acoller a cantos solicitantes de protección internacional propoña a Comisión Europea, dando proba da máxima responsabilidade e solidariedade nesta cuestión, como en tantas outras e como fixo desde o comezo desta crise.





Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.:

De feito, o Goberno xa previra un importante incremento nas partidas dedicadas á acollida e integración de refuxiados, no proxecto de Lei de Orzamentos Xerais do Estado para 2016 aprobado o 31 de xullo polo Consello de Ministros.

Adicionalmente, e en resposta ao agravamento da crise humanitaria, o Consello de Ministros do 11 de setembro aprobou un Real Decreto de axudas extraordinarias, por importe de 13 millóns de euros, ás asociacións implicadas na xestión da axuda aos solicitantes de protección internacional; que supón unha primeira medida inmediata para adecuar a nosa rede de asistencia á nova situación.

En coherencia con iso, o Partido Popular tamén presentou no Congreso dos Deputados unha emenda transaccional aos orzamentos para 2016, apoiada por todos os grupos, para reforzar, con 200 millóns de euros, as partidas dedicadas á atención de solicitantes de protección internacional.

España conta, desde hai anos, cun Sistema de Atención aos refuxiados que deu resposta ás necesidades de cada momento, e que se está reforzando con máis recursos para atender á situación actual. Contamos tamén coa sólida experiencia de ser un país de acollida, pola condición do noso país de fronteira marítima do Sur de Europa, o que nos converte nun referente na atención humanitaria a extranxeiros, así como na reivindicación dunha política europea, conxunta, coordinada e integral en relación aos movementos migratorios de todo tipo.

Pola súa banda, a Xunta de Galicia púxose de inmediato a disposición do Goberno do Estado e asumiu a coordinación de todos os recursos materiais e humanos que se poñan a disposición tanto por parte da propia Administración autonómica como polas administracións locais, polas entidades de iniciativa social e pola poboación galega para facilitar a acollida e integración en Galicia das persoas refuxiadas.

Así mesmo, a Xunta de Galicia e a Fegamp están colaborando intensamente para dar unha resposta coordinada e conxunta a esta crise humanitaria. E nesta labor tamén se está contando coas ONGs con experiencia en materia de refuxiados e asilados e presenza na comunidade.

Por esta razón, o Grupo Popular de CARRAL eleva ao Pleno de CARRAL a presente Moción para asumir a atención aos refuxiados como unha cuestión de Estado.

Instamos a todas as Administracións Públicas a:

1. Colaborar dun xeito coordinado para ofrecer unha resposta unificada, conxunta e solidaria a esta crise humanitaria, e en especial á Xunta de Galicia, ao concello de CARRAL, e á Fegamp, para que en colaboración coas ONG's con presenza en Galicia elaboren e executen un plan de acollida para as persoas refuxiadas poñendo á súa disposición os recursos potenciais dispoñibles para facer posible a súa acollida e integración.
2. Seguir impulsando unha verdadeira política europea, común e integral, de inmigración e asilo, que debe contar con recursos financeiros suficientes.
4. Reforzar a capacidade de resposta da Unión Europea ante situacións de emerxencia, como a que estamos a vivir.
5. Impulsar a dotación de todos europeos para reforzar e concentrar os esforzos de cooperación nos países de orixe e, en particular, dun Fondo Fiduciario Europeo para a axuda financeira aos países de África, inspirado nunha proposta realizada polo Goberno de España.
6. Dar prioridade ao diálogo e a cooperación cos países de orixe e tránsito, así como cos países limítrofes das zonas de conflito na acollida de refuxiados.
7. Colaborar cos países de tránsito para a protección das súas fronteiras e loitar contra as mafias que se lucran con esta traxedia humana.
8. Traballar xuntos en cantas iniciativas nos permitan lograr a paz e a estabilidade nos lugares de orixe dos refuxiados.





Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.:

FLORINDA DUARTE GERPE

PORTAVOS DO GRUPO POPULAR DE CARRAL
(sinatura ilexible)".

O señor Couto López expón que non se pode ter a tanta xente nas fronteiras pasándoo mal, e que é unha vergoña para os cidadáns da Unión Europea. Indica que en Carral hai varios edificios baleiros, coma o albergue de Sergude que, na súa opinión, está infrautilizado e sería idóneo para acoller a varias familias, ou o edificio que está enriba do centro médico. Engade que coincide en certas cuestións coa moción que presentou o PP, e propón que Carral se sume á rede de refuxios de España.

O señor Alcalde propón tratar ambas mocións de xeito simultáneo, pois son practicamente iguais.

A señora Duarte Gerpe manifesta que o Goberno está a traballar en materia de migracións, e que hai 13 millóns de euros para refuxiados; engade que tamén se está a traballar na materia no Congreso dos Deputados e varias ONGs, e que sempre se foi solidarios nese ámbito.

O señor Couto replica que, na súa opinión, España e a UE están sendo moi lentos, e que dan vergoña a pesares dos recursos que teñen. Indica que se presentan mocións na materia en todos os concellos de Galicia, e que hai que dar a resposta axeitada, pois é o momento de facelo ben.

O señor Alcalde opina que hai que ser máis ambiciosos, pois o Concello de Carral podería ofrecer o albergue de Sergude para pernoctar uns meses, mais habería que habilitar vivendas para introducilos na sociedade e buscarlles traballo, para que estean integrados e creen riqueza para España. Opina que deben ser a FEMP, a FEGAMP ou a Xunta quen diga a cada concello o que debe dispoñer. Explica que pasaron á Xunta un informe coas posibilidades de vivendas, coma as da SAREB, e outras de titularidade da Comunidade Autónoma, que se poderían usar. Coida que non é serio ser "salvapatrias" cada Concello, un por un, e que a cuestión se debería tratar a nivel europeo, buscando as causas de por que saen do país. Por outra banda, cre que a moción do PsdeG-PSOE non é ética, e que hai que deixarse de mesas, pois el informa de cada actuación que se realice, e das informacións que reciba doutras Administracións. Manifesta que non lle parece ben que na moción se desprece ao Goberno de España e a toda España en xeral, e que non está de acordo coa creación de ningunha mesa.

O señor Bergondo Trillo, voceiro do grupo mixto (ACC/SON), opina que está ben que haxa a seriedade da que fala e que todo estea organizado, mais indica que non se pode esquecer que son persoas e que precisan axuda xa, independentemente da organización. Por outra banda, non cre que na moción do PsdeG-PSOE exista desprezo nin ao Goberno de España nin a todos os españois.

A señora Blanco Fidalgo (PsdeG-PSOE) coida que non pode ser que mentres o resto non diga que facer esteamos de brazos cruzados. Opina que o primeiro é dar teito, e que non sabe por que se ha de esperar ningunha orde, cando o Concello pode adiantarse e poñerse a disposición.

O señor Alcalde replica que o Concello ofrece o que ten, pero que non está de acordo en tomar iniciativas sen que o diga a Comunidade Autónoma nin o Goberno de España.

Sometida polo Señor Alcalde a votación conxunta a declaración de urxencia das dúas mocións, esta é aprobada por unanimidade dos/as trece señores/as concelleiros/as da Corporación, se ben xa se debatiron con anterioridade a tal votación.





Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campos da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.:

VOTACIÓN E ACORDOS

Sometida polo Señor Alcalde a votación a moción presentada polo PSdeG-PSOE, esta é aprobada por seis votos a favor dos/as señores/as concelleiros/as dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e mixto (ACC-SON) presentes na sesión, e coa abstención dos sete señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PP .

Sometida polo Señor Alcalde a votación a moción presentada polo PP, esta é aprobada por sete votos a favor dos/as señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PP, e coa abstención dos seis señores/as concelleiros/as dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e mixto (ACC-SON) presentes na sesión.

4.2.- Moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE para solicitar ao SERGAS que se dote o Centro Médico de Carral dun novo médico para cumprir co ratio médico/habitante de Galicia e así aliviar a espera excesiva na atención primaria de Carral.

EXPOSICIÓN

O señor Couto López, voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE entregou o texto da súa moción por escrito, como segue:

*"O Concelleiro voceiro do Grupo Municipal Socialista, Pablo Couto López, desexa someter a consideración do Pleno a seguinte **MOCIÓN: Solicitar ó SERGAS se dote o Centro Médico de Carral dun novo médico para cumprir co ratio médico/habitante de Galicia e así aliviar a espera excesiva na atención primaria de Carral***

EXPOSICION DE MOTIVOS:

A situación actual da atención sanitaria no Concello de Carral pode calificarse como mala, en primeiro lugar carécese dun sistema de atención a urxencias propio tendo que desprazarse os veciños e veciñas en caso de urxencia o veciño Concello de Cambre, carecendo tamén dunha ambulancia propia, que recortaría en moito o tempo de resposta ante unha urxencia en caso de dispoñer dela.

Xunto co anterior, a lista de espera para unha consulta en medicina xeral chega a unha semana, en época estival, polo que supoñemos que neste próximo inverno o sistema pode chegar a colapsar xa que as necesidades de atención médica en época invernal son moi superiores as do verán. Esta situación anterior fai que o sistema falle, xa que ante unha enfermidade común o tempo de espera é excesivo, e os doentes acaban por acudir por urxencias ao CHUAC ou a Cambre, elementos estes últimos non destinados a cubrir estas enfermidades comúns.

A razón desta alta espera en medicina xeral e que se conta con menos médicos que os que lle corresponden a Carral por poboación, a media galega de pacientes por médico é de 1.296, no caso de Carral que conta cunha poboación de 6.118 habitantes a finais do 2014. Facendo unha simple división atopámonos que o número de médicos en Carral sería de 4,72, é dicir, son necesarios 5 médicos e non os catro existentes na actualidade, xunto co pediatra a xornada parcial e compartida. A situación actual fai que se incumpra o Plan de Mellora de Atención Primaria aprobado pola propia Xunta de Galicia no que se indica que ningún médico supere os 1.500 habitantes, sendo en Carral este ratio habitantes por médico de 1.530.

Por todo o anterior, e para eliminar as excesivas esperas na atención primaria, e polo que propoñemos ó Pleno Municipal que se adopten os seguintes





Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.:

ACORDOS

Primeiro, O Concello de Carral solicitará ó SERGAS por tódalas vías ó seu alcance o cumprimento en Carral do Plan de Mellora de Atención Primaria, e dotará o centro médico de Carral dun novo facultativo para desta forma reducir a alta espera existente actualmente en atención primaria, que chega a ser de máis dunha semana e igualarnos no ratio médico/habitantes do resto de Galicia.

Segundo, o Concello de Carral solicitará ó SERGAS o pediatra a xornada completa e se evite desta forma que as familias teñan que acudir a pediatras privados para cubrir o escaso servizo dado polo SERGAS.

Terceiro, mellorar os sistema de urxencias, de forma que alúmenos, pola tarde este de garda un facultativo en Carral, dotado das correspondentes ferramentas para atender casos de urxencias e contar cunha ambulancia propia que diminuíría en moito o tempo de resposta ante emerxencias locais.

En Carral, a 17 de setembro 2015

(sinatura ilexible)

Pablo Couto López

Voceiro Grupo Municipal Socialista"

O señor Couto explica que para arranxar a lista de espera faría falla por ratio 1 médico máis, co que se incumpre o plan da Xunta con 1.530 habitantes por médico. Proponen que se solicite á Xunta de Galicia que se dote un médico máis e un pediatra a xornada completa para non ter que acudir a médicos privados, e que se dote ao centro dunha ambulancia cun técnico para urxencias. Coida que o problema é de hai anos e que había que facelo xa hai tempo.

Sometida polo Señor Alcalde a votación a declaración de urxencia da moción, esta é aprobada por unanimidade dos/as trece señores/as concelleiros/as que compoñen a Corporación, polo que se pasa de seguido ao seu tratamento.

DEBATE

A señora Duarte Gerpe, voceira do grupo municipal do PP, indica que cos datos de 2014 é certo que hai unha certa demora, especialmente no verán e nas vacacións, e presenta un escrito para facer unha emenda *in voce* á moción, como segue:

"O grupo do Partido Popular de Carral presenta unha ENMENDA EN BOCHE a moción presentada polo grupo do Partido Socialista de Carral en relación coa súa solicitude ao Sergas de dotar ao centro médico de Carral cun médico para cumprir coa ratio médico/habitante de Galicia:

Un médico máis para cumprir a ratio de 1.500 pacientes.

Un pediatra a xornada completa".

En canto á ambulancia, coida que, tendo o PAC, sería pedir por pedir, e opina que hai que centrarse nas necesidades de Carral. Por iso, propón que todos xuntos soliciten 1 médico e 1 pediatra.

O señor Couto indica que a ratio do plan da Xunta é de 1.500 pacentes coma tope máximo, e que en Galicia a ratio real é de 1.230, moito menor. Asemade, coida que se houbera unha ambulancia aquí, a resposta sería moito máis rápida.





Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.:

A señora Duarte Gerpe pregunta se pide un médico pola tarde, ao que o señor Couto resposta que non, senón que estea presente pola tarde de guardia un dos cinco médicos, como era antes, para aliviar ao PAC de Cambre e o CHUAC.

A señora Duarte Gerpe propón votar a moción coa emenda, para ser realistas, pois se se consegue un médico pola mañá se atenderá aos pacientes, e para as urxencias se pode ir a Cambre ou ao CHUAC. O señor Couto replica que a súa función non é esperar o que diga o Sergas ou a Xunta de Galicia, senón pedir sempre o máximo para os veciños de Carral.

O señor Bergondo Trillo (grupo mixto-ACC/SON) coida que, por pedir, xa dirá o Sergas que non, mais polo menos hai que tentar acadalo.

O señor Alcalde pregunta se aceptan a emenda, ao que o señor Couto resposta que sí, pois teñen a maioría absoluta.

VOTACIÓN E ACORDOS

Sometida polo Señor Alcalde a votación a moción presentada polo PsdeG-PSOE, modificada pola emenda "in voce" realizada polo grupo municipal do PP, esta é aprobada por unanimidade dos/as trece señores/as concelleiros/as que compoñen a Corporación, adoptando os seguintes acordos:

Primeiro, O Concello de Carral solicitará ó SERGAS por tódalas vías ó seu alcance o cumprimento en Carral do Plan de Mellora de Atención Primaria, e dotará o centro médico de Carral dun novo facultativo para desta forma reducir a alta espera existente actualmente en atención primaria, que chega a ser de máis dunha semana e igualarnos no ratio médico/habitantes do resto de Galicia.

Segundo, o Concello de Carral solicitará ó SERGAS o pediatra a xornada completa e se evite desta forma que as familias teñan que acudir a pediatras privados para cubrir o escaso servizo dado polo SERGAS.

4.3.- Moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE para solicitar e esixir á Consellaría de Educación sexan revertidos os recortes en profesorado e PT realizados no CEIP Vicente Otero Valcárcel de Carral.

EXPOSICIÓN

O señor Couto López, voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE entregou o texto da súa moción por escrito, como segue:

"O Concelleiro voceiro do Grupo Municipal Socialista, Pablo Couto López, desexa someter a consideración do Pleno a seguinte **MOCIÓN: Solicitar i esixir á Consellaría de Educación sexan revertidos os recortes en profesorado e PT realizados no CEIP Vicente Otero Valcarcel de Carral.**

EXPOSICION DE MOTIVOS:

O colexio Vicente Otero Valcárcel, de Carral, contará este ano con menos docentes que o curso pasado e verá reducidas as horas de atención do especialista en Pedagogía Terapéutica (PT). A Xunta concedeu ao centro medio PT -ademais do fixo que hai no colexio- mentres que o ano pasado outorgáralle un especialista nesta área e xornada completa e outros dous docentes, un a xornada completa e outro a media xornada. Así encontrámonos crases por encima do ratio que ademais entre o seu alumnado contan con alumnos con necesidades especiais, i estas necesidades non entende de medias xornadas, o alumno necesita unha





Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.:

atención completa.

Xunto co anterior, superase o número de alumnos por crase en moitas aulas, o cal repercute nunha baixada importante da calidade da ensinanza.

Os recortes realizados no profesorado non son lóxicos nin correctos, xa que non se reduciu a demanda e se mantén o número de alumnos. É patente a "saturación" do centro, con aulas que superan a cociente fixada de estudantes por aula, ademais ao abrir o novo instituto e modificarse a xestión do centro de Infantil e Primaria, os profesores terán que asumir os labores de secretaría e os que formen parte da directiva terán que quitar horas de docencia para desempeñar esas funcións, que ata agora compartían con profesores de Secundaria, e que redundará nunha diminución aínda máis acusada do tempo de docencia dispoñible.

Por todo o anterior, e para dotar o CEIP Vicente Otero dos docentes necesarios, e polo que propoñemos ó Pleno Municipal que se adopten os seguintes

ACORDOS

Primeiro, O Concello de Carral solicitará á Consellería de Educación de forma inmediata e urxente e por tódalas vías o seu alcance se reverta a situación creada en Carral polos recortes en educación e se dote de novo o centro dos especialistas en Pedagogía Terapéutica (PT) necesarios e das prazas de profesorado eliminadas.

Segundo, se inicien os trámites para solicitar a transformación a Liña 3 do CEIP Vicente Otero, e así poder aboverar a futura demanda poboacional.

En Carral, a 17 de setembro 2015

Pablo Couto López
(sinatura ilexible)

Voceiro Grupo Municipal Socialista

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DA CORPORACIÓN MUNICIPAL"


O señor Couto explica que, polos recortes da Xunta de Galicia, na provincia da Coruña hai 900 profesores menos neste curso académico, e en Carral 2 e un PT. Propoñen solicitar que de novo se cubran esas prazas, pois o CPI pasou a CEIP e o IES está "funcionando daquela maneira", cos profesores saturados con labores de secretaría. Coida que a petición é urxente, pois o número de alumnos non baixou

Sometida polo Señor Alcalde a votación a declaración de urxencia da moción, esta é aprobada por unanimidade dos/as trece señores/as concelleiros/as que compoñen a Corporación, polo que se pasa de seguido ao seu tratamento.

DEBATE

A señora Duarte Gerpe, voceira do grupo municipal do PP, manifesta que, dende o primeiro momento que se trasladou o PT, o Concello estivo traballando coa Consellería, e xa está concedido a xornada completa. Explica que o problema é cos profesores, que se teñen que organizar. Engade que a ratio por aula é de 25 alumnos, mais que non está ben feito ao non ter en conta aos repetidores. Engade que non se poden pasar todas as aulas a liña 3, porque tería que haber esa necesidade dende 1º a 6º de primaria, é dicir, tres aulas reais en todos os cursos, e non aulas puntuais.





Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.:

O señor Couto indica que non é que pasen a liña 3. Manifesta que tardaron 12 anos en facer o IES no que, na súa opinión, é o peor lugar do pobo. Engade que hai aulas con máis de 30 nenos non deseñadas para iso, e que habería que iniciar o trámite, porque todos os anos estiveron entrando tres cursos de infantil. Manifesta que axalá todas as aulas tivesen 15 ou 20 nenos e non estivesen sempre ao límite das ratios. Opina que o equipo de goberno sempre defende aos seus xefes de Santiago e Madrid e prexudica a Carral, e que co problema "lles vai coller o touro" e non se pode adoptar unha solución "chapuceira coma a do IES".

A señora Blanco Fidalgo (grupo municipal do PsdeG-PSOE) engade que nos segundos cursos hai 28 nenos por aula sen repetidores (tres por enriba da ratio), e que nos cuartos hai ademais algún caso de necesidades especiais, polo que se estaría moi perto da liña 3.

A señora Duarte Gerpe reconece que é probable que sexa necesaria unha modificación do reparto das aulas, mais indica que a dirección do centro non transmite que sexa un problema, e pregúntase que faría un mestre se non hai rapaces. Indica que é distinto desdobrar aulas que o feito de que o centro sexa de liña 3. Pide ao señor Couto que "non diga mentiras", pois non levan doce anos para facer o IES, senón para ampliar o colexio. Explica que houbo trabas e que a inspección dixo de facelo hai sete ou oito anos. Opina que ao señor Couto lle molesta que xa estea feito o IES e que abra o día que tiña que abrir, e que sempre están falando do malo que é mentira e nunca do bo. Engade que poden "rizar o rizo", mais que o IES está feito e funcionando, e que os rapaces e profesores están contentos, co traballo que custou sacalo adiante sen o apoio da oposición.

O señor Bergondo Trillo (grupo mixto-ACC/SON) manifesta que, cando a oposición critica o que sexa do instituto, non quere dicir que non o queira, senón a forma como se fixo.

O señor Couto engade que queren o IES, mais que o querían ao lado do colexio, e que se conseguira unha finca para iso. Indica que acaban de aceptar unha moción para aceptar a refuxiados sirios, e pregúntase que se faría se chegasen 30 ou 40 nenos co sistema educativo de Carral ao límite. Opina que se debe comezar a facer ver á Xunta que é necesario, e que hai que adiantarse aos problemas da xente e arranxalos. Puntualiza que nunca estivo en contra do IES e que, sen a presión do seu grupo, non estaría aberto o día 15.

O señor Cetina Mochales (grupo municipal do PsdeG-PSOE) engade que en 1º da ESO hai unha clase con 31 alumnos, e que o grupo socialista sempre estivo a favor e con ganas de que o IES estivese rematado, mais en mellores condicións.

A señora Duarte Gerpe replica que na finca ao lado do colexio non se podía situar o IES onde está a Galiña Azul. Explica que a Consellaría non quixo esa finca para facer a ampliación do centro nin o polideportivo. Engade que está feito o IES con liña 3 e que, aínda que a oposición lles di que traballen, xa teñen o traballo feito. Reitera que o CEIP non se pode facer de liña 3 porque non hai esa demanda, mais que se desdobran as aulas cando fai falla. Recoñece que hai un neno de máis en 1º da ESO de xeito puntual, e que ten que solucionaralo a dirección do centro.

VOTACIÓN E ACORDOS

Sometida polo Señor Alcalde a votación a moción presentada polo PsdeG-PSOE, é rexeitada por sete votos en contra dos/as señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PP fronte a seis votos a favor dos/as señores/as concelleiros/as dos grupos municipais do PsdeG-PSOE e mixto.





Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.:

4.4.- Moción oral do grupo municipal do PSdeG-PSOE para solicitar que se engada no ROM que se elabore a participación da veciñanza no Pleno, e para cambiar as sesións plenarias ás oito da tarde.

EXPOSICIÓN

O señor Couto López, voceiro do grupo municipal do PsdeG-PSOE, expón oralmente que no anterior pleno se quedou en facer un novo regulamento orgánico municipal (ROM), e propón que se engada nel a posibilidade da participación dos veciños nas sesións do Pleno e que, para facilitar tal participación, se cambie o horario de realización das sesións ás oito da tarde.

O señor Alcalde coida que a moción non é urxente, pois o asunto se debatirá cando se faga o ROM.

Sometida polo Señor Alcalde a votación a declaración de urxencia da moción, esta é rexeitada por sete votos en contra dos/as señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PP, fronte a seis votos a favor (dos/as cinco señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE e do señor concelleiro do grupo mixto), polo que non se pasa de seguido ao seu tratamento.

4.5.- Moción do grupo municipal do PP para a promoción do leite galego no noso concello.

EXPOSICIÓN

A señora Duarte Gerpe, voceira do grupo municipal do PP entregou o texto da súa moción por escrito, como segue:

“

MOCIÓN PARA A PROMOCIÓN DO LEITE GALEGO

O voceiro/concelleiro do Partido Popular, CARRAL, abaixo asinante, en nome propio e no do grupo municipal do PP, presenta ao Pleno, para o seu debate e aprobación se procede, a seguinte **MOCIÓN PARA A PROMOCIÓN DO LEITE GALEGO NO NOSO CONCELLO**

EXPOSICION DE MOTIVOS

O sector lácteo galego en xeral e o deste concello en particular, veñen sufrindo unha crise de prezos que ten que ver con varios factores e cunha conxuntura mundial de exceso de leite producido e unha baixada xeneralizada do seu consumo, que rolda o 3%.

Nas explotacións galegas prodúcese un leite de excelente calidade motivado por unha mellora xenética importante, a suma de condicións xeográficas e un manexo excepcional das vacas. Impulsar o seu consumo e recoñecemento é o traballo que está a desenvolver a Xunta de Galicia a través dunha campaña de promoción da marca "Galega 100%", que identifica co seu selo o leite de calidade diferenciada producido nas explotacións da nosa comunidade.

Esta medida de revalorización do noso produto de calidade complementarase en breve coa diferenciación dos produtos amparados pola marca nos lineais dos supermercados, de xeito que os consumidores e consumidoras poderán escoller máis doadamente o leite galego de calidade diferenciada. A maiores, os galegos e galegas tamén teremos unha iniciativa promocional de tetrabriks pequenos de "Galega 100%" para fomentar o consumo de leite entre a sociedade.

Con todo, é preciso sumar esforzos de todas as administracións para avanzar nesta promoción que estimule o consumo de leite e permita identificar a súa orixe, permitindo que o leite galego sexa recoñecido entre os





Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.:

consumidores.

Por tanto, dada a situación actual do sector leiteiro, tan importantena economía deste municipio e da Comarca de A Coruña, e considerando a necesidade de aumentar o consumo e diferenciación dos produtos lácteos galegos no mercado, propoño ao Concello de CARRAL a aprobación dos seguintes ACORDOS:

ACORDOS

Primeiro: Solicitar á Consellería do Medio Rural e do Mar a adhesión do concello de CARRAL á campaña promocional do leite de calidade diferenciada producida nas explotacións galegas "Galega 100%".

Segundo: Promover accións, en conxunto cos colectivos sociais e empresariais deste termo municipal, para levar a cabo accións de promoción de "Galega 100%" entre os consumidores en xeral.

Terceiro: Desenvolver esas medidas de inmediato, facendo fincapé, entre outros, nos seguintes aspectos:

a) difusión da campaña publicitaria "Galega 100%"

b) accións de concienciación coas asociacións de consumidores mediante o reparto de leite "Galega 100%" e a visita de explotacións gandeiras e industrias lácteas adheridas a "Galega 100%"

c) accións de promoción entre o gremio hostaleiro mediante o reparto de leite amparado con selo "Galega 100%"

d) medidas de entrega de leite "Galega 100%" nos principais eventos lúdico-festivos e deportivos deste concello/provincia.

Cuarto.- Solicitar a Deputación de A CORUÑA que elabore un plan de apoio o sector lácteo para a mellora da calidade do leite nas explotacións gandeiras do Concello de CARRAL en colaboración coas cooperativas, de forma cordinada con outras que se acheguen desde a Unión Europea, o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente ou a Consellería de Medio Rural e Mar.

Carral, a 22 de setembro de 2015".

A señora Duarte Gerpe explica que se propón promocionar o leite galego, para que o que se consuma en Galicia sexa galego 100%.

Sometida polo Señor Alcalde a votación a declaración de urxencia da moción, esta é aprobada por sete votos a favor dos/as señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PP, e coa abstención dos/as seis señores/as concelleiros/as dos grupos municipais do PsdeG e mixto, polo que se pasa de seguido ao seu tratamento.


DEBATE

O señor Bergondo Trillo (grupo mixto-ACC/SON) pregunta se a moción é súa ou vén dos seus superiores, e se a fixeron e dabatiron ou veu imposta e só encheron os seus datos, co 135% do tempo que adican aos seus labores.

A señora Duarte Gerpe resposta que se lle dixese que si, mentiría, mais que non lle importa de onde vén a moción, pois o que quere é que se promocióne o leite galego.

O señor Couto indica que está de acordo con promocionalo, mais coida que é unha "tiritita non va".





Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.:

hemorragia xigantesca". Manifesta que a moción vén do PpdeG, e opina que habería que atender a máis cuestións, coma a necesidade para os gandeiros dun marco regulado para que a industria do leite pague máis do seu custe, e non use o leite coma reclamo, pois xa se sabe que o leite galego é o mellor do mundo.

VOTACIÓN E ACORDOS

Sometida polo Señor Alcalde a votación a moción presentada polo PP, é aprobada por sete votos a favor dos/as señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PP, e con seis abstencións dos/as señores/as concelleiros/as dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e mixto, adoptando os seguintes acordos:

Primeiro: Solicitar á Consellería do Medio Rural e do Mar a adhesión do concello de CARRAL á campaña promocional do leite de calidade diferenciada producida nas explotacións galegas "Galega 100%".

Segundo: Promover accións, en conxunto cos colectivos sociais e empresariais deste termo municipal, para levar a cabo accións de promoción de "Galega 100%" entre os consumidores en xeral.

Terceiro: Desenvolver esas medidas de inmediato, facendo fincapé, entre outros, nos seguintes aspectos:

a) difusión da campaña publicitaria "Galega 100%"

b) accións de concienciación coas asociacións de consumidores mediante o reparto de leite "Galega 100%" e a visita de explotacións gandeiras e industrias lácteas adheridas a "Galega 100%"

c) accións de promoción entre o gremio hostaleiro mediante o reparto de leite amparado con selo "Galega 100%"

d) medidas de entrega de leite "Galega 100%" nos principais eventos lúdico-festivos e deportivos deste concello/provincia.

Cuarto.- Solicitar a Deputación de A CORUÑA que elabore un plan de apoio o sector lácteo para a mellora da calidade do leite nas explotacións gandeiras do Concello de CARRAL en colaboración coas cooperativas, de forma cordinada con outras que se acheguen desde a Unión Europea, o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente ou a Consellería de Medio Rural e Mar.

5.-ROGOS E PREGUNTAS.

5.1-Rogos e preguntas do señor Bergondo Trillo (grupo mixto-ACC/SON)

1.- O señor Bergondo Trillo manifesta que, a través dalgúns decretos, coñeceu que construíron dúas pistas de pádel xunto ao spa e pregunta se se estudou o custe do mantemento delas.

O señor Alcalde cede a palabra ao señor Regueira Moar, concelleiro de deportes, quen explica que están practicamente rematadas, pois só faltan as portas e as redes, polo que espera que se acaben esta semana. Engade que non dispón de datos aquí, mais que llepode dar detalles sobre





Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.:

o feito no seu despacho.

2.- Indica que na esquina da esplanada hai grava, que supón será para realizar un aparcadoiro e rampla, mais sinala que están a aparcar alí e que sería bo sinalizar para que non o fagan, ao que o señor Barbeito Rey, concelleiro de obras e servizos, resposta que está previsto pintar liñas amarelas.

3.- Pregunta se no verán se limpan os sumidoiros en Carral ou se se espera a que chova, ao que o señor Alcalde resposta que o fornecemento de auga e sumidoiros en Carral está delegado a EMALCSA, e que hai unha oficina no municipio na que traballa un responsable técnico que revisa como están. Cando hai algún atrancado ou desprende cheiro, valórao e vén o camiión correspondente para desatrancalo e límpalo.

4.- En relación ao arranxo que vai facer a Xunta de Galicia para unha senda para peóns e peregrinos nas Travesas, pregunta se o Concello vai facer algo en canto ás molestias e danos que se van ocasionar aos veciños, e se non podía pasar por outro lado.

O señor Alcalde resposta que o proxecto está feito pola Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia, cun orzamento duns 120.000 € e está pendente de licitación. Opina que, en vez de molestias, traerá beneficios, pois os veciños terán beirarrúas diante das casas. Explica que non pretenden expropiar, senón aproveitar as beiravías para que os peregrinos poidan circular con seguridade. Engade que, se houber algún problema, tentarán facilitar que quede ben e evitar que entre auga pola diferenza de cota.


5.- Propón que se solicite un paso de peóns para visitar a capela das Travesas, ao que o señor Alcalde resposta que está o proxecto á súa disposición na oficina do arquitecto, mais que cre que están previstos dous pasos de peóns. O señor Bergondo replica que o arquitecto lle dixo que só tiña un plano.

6.- Transmite que hai moitas queixas polo abandono de moitos edificios no concello e, aínda que dixeron que se está a traballar niso, pregunta se vai haber algunha responsabilidade no Concello tralo incendio acontecido hai uns días. O señor Alcalde resposta que había risco pola entrada de rapaces no edificio, e que se decidiu contratar a unha empresa para facer arranxos que eviten males maiores (aínda que recoñece que sen moita seguridade xurídica, mais de forma necesaria, porque os propietarios non os fan). Engade que non remataron os traballos e que segue habendo luz no edificio do Castro e non saben por onde entran, e engade que o está a investigar a policía local e a Garda Civil. O señor Bergondo replica que lle parece ben que o tapiasen, mais pregunta se o custe o vai asumir o Concello e a veciñanza ou se se vai pasar aos propietarios. O señor Alcalde resposta que o Concello pagará e repercutirá o custe ás empresas, mais están en concurso de acredores. Cando rematen os edificios, cargaranse os gastos cando pidan a licenza de primeira ocupación, mais non a curto prazo.

7.- Pregunta se están rematadas as obras dos vestiarios do campo de fútbol, ao que o señor Regueira Moar resposta que si, e que poderán entrar en funcionamento se non esta semana, a que vén. Pregunta por que teñen unha porta traseira a máis dun metro de altura, ao que o señor Regueira resposta que é para os calentadores, para facer o posible para que non os rouben, de xeito que só poidan abrila os operarios do Concello cunha escaleira.

8.- Pregunta se existe algún protocolo para evitar que proliferen os niños de vespas asiáticas coma os existentes por exemplo nas Travesas, ao que o señor Montes Martínez, concelleiro de medio ambiente, resposta que se chama a TRAGSA, empresa designada ao efecto pola Xunta de





Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.:

Galicia. Asemade, indica que o sábado 26 haberá unha xuntanza ás 12 do medio día para dar unhas charlas sobre o tema.

9.- En materia de educación, manifesta que hai tres anos quedou nas Travesas a estrutura dun invernadoiro, e pregunta se van facer algo con ella ou a van deixar apodrecer. A señora Duarte Gerpe, concelleira de educación, explica que se usou hai tres anos para un curso de xardinaría, que habería que arranxalo poñendo plástico, e que se desbroza a zona de vez en cando. Engade que se está a traballar para poder facer cursos homologados no Antón Fraguas.

10.- En relación ao IES, se houbese fendas no tellado, a pista deportiva estiver inclinada e as paredes do pavillón rañasen, pregunta se o Concello tramitaría algo para que a Xunta o arranxase. A señora Duarte Gerpe resposta que non ten coñecemento deses defectos, e que a pista ten caída para que non haxa pozas de auga. Engade que os arquitectos saberán por que se fai así, e que, se hai queixas, haberá que transmitir as á Consellaría de Educación, que é a competente, a que licitou a obra, e a que ten que revisala. Asemade, indica que o Concello non ten que gastar nada niso.

O señor Bergondo pregunta se, se ocorrisen esas cuestións, o Concello vai apoiar para que a Xunta de Galicia faga as modificacións necesarias, ao que a señora Duarte Gerpe resposta que cada petición que se fai con sentido común se transmite onde sexa, con independencia de reiterar que o mantemento non corre a cargo do Concello.

10.- Pregunta cando finalizarán as obras da Casa da Xuventude e cando entrará en uso, ao que o señor Regueira Moar resposta que rematarán esta semana ou a que vén, e que se traerá o mobiliario necesario o máis axiña posible.

11.- Manifesta que o 16 de agosto se publicou unha nova cos datos que ten o Ministerio de Facenda sobre a taxa de morosidade de 92,82 días do Concello de Carral, co que supón que, se algunhas facturas se pagan nun mes, outras superarán os cinco meses de longo. Pregunta se o dato é certo ou, se é falso, se se vai facer algo fronte ao Ministerio. A señora Interventora explica que eses datos do Ministerio se publican na páxina web do Concello, tras facilitalos trimestralmente, e que se trata dunha media. O señor Bergondo pregunta por que hai tantas diferenzas no pagamento entre unhas facturas e outras, coma por exemplo as da informática que se inclúen en decretos que el revisa, ao que a señora Interventora resposta que a aprobación do gasto é diferente da do pagamento, que esta última non sempre se fai en decretos, e que algunhas facturas se pagan según diversos factores coma prazos de subvencións.

5.2-Rogos e preguntas do señor Cetina Mochales (grupo municipal do PSdeG-PSOE)

1.- O señor Cetina Mochales indica que no curso pasado houbo reformas na cociña e na instalación eléctrica do Vicente Otero Valcárcel, e pregunta se é verdade que non as pagou o Concello, como debería, senón o colexio.

A señora Duarte Gerpe resposta que as pagou o colexio porque tiña remanentes, e coida que o señor Cetina estaría no Consello Escolar cando se trataron estes temas, e senón estaría o señor Couto. (O señor Couto López clarexa que non estaba porque dimitira). A señora Duarte Gerpe engade que as obras da instalación eléctrica viñan de erros de construción segundo o electricista, cun custe alto (o señor Cetina indica uns 7.000 €), e que a dirección trasladou o problema á Xunta de Galicia e esta autorizou o gasto. Engade que o Concello non ten por que facer obras que eles non fixeron ben, e opina que, se o colexio ten remanente, hai cousas que





Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campos da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.:

poden facer sen axuda do Concello, e este último aforrará ese diñeiro.

O señor Cetina manifesta que o seu grupo non o ve tan lóxico, e pensa que se aceptaría a obra sen estar en condicións, se ben a cocíña necesita máis adaptaciónes ao ser a mesma durante vinte anos. Engade que os remanentes do colexio son para a educación e non para reformas que debería asumir o Concello ou a Consellaría. Así, opina que se debería devolver o diñeiro ao colexio, se non é por parte do Concello, pola Consellaría, para que se gaste en educación. A señora Duarte Gerpe indica que, aínda que o señor Cetina faltou a moitas reunións do Consello Escolar, se estivo naquela na que se aprobaron as contas, xa debería saber onde estaba o orzamento. Engade que ela non e quen para decirlle ao colexio en que ha de gastar o seu orzamento se llo permite a Consellaría.

(Á 13:19 o señor García González abandona a sesión)

A señora Duarte opina que parece mentira que queiran gastar os cartos do Concello no colexio, cando as deficiencias e as melloras necesarias son grandes, e engade que non vai poñer diñeiro para cousas que non son competencia do Concello, que os gastos foron aprobados, e que hai que estar nos sitios para sabelo.

O señor Cetina replica que el non pode asistir ás dúas e media porque ten que traballar e que, como ela tampouco estivo, falouse de que o Concello non tiña ese orzamento. Pagouse con remanentes do colexio que son para outras cousas e indica que, se era competencia da Consellaría, debería facerse a correspondente reclamación para que o colexio teña diñeiro para actividades e ordenadores. A señora Duarte replica que, se sabe que o colexio ten remanente, e non ten ordenadores, o señor Cetina, coma pai, terá que trasladalo alí, no Consello Escolar, porque é un problema do colexio e non do Concello. O señor Cetina replica que no consello escolar está presente coma pai, non coma concelleiro, e indica que alí foi crítico e que transmitiu á dirección do centro que ese diñeiro non era para esa finalidade, e que debería reinvestirse.

5.3-Pregunta da señora Blanco Fidalgo (grupo municipal do PSdeG-PSOE)

A señora Blanco Fidalgo indica que propuxo a ANPA a realización de certas actividades extraescolares e solicitou á representante do Concello que estudase se este se podía facer cargo dos custes dos que non as puidesen pagar, e pregunta se xa se estableceron os requisitos correspondentes, ao que o señor Alcalde resposta que se está a falar da cuestión coa ANPA e que, en canto se chegue a unha conclusión, a transmitirán.


5.4-Rogos e preguntas do señor Couto López (grupo municipal do PSdeG-PSOE)

1.- O señor Couto López manifesta que o gasto duns 13.000€ no colexio se fixo como se fixo, e que o labor do Concello é conservar o centro, polo que debería poñer eses cartos para reinvestilos.

Por outra banda, opina que debería haber un paso de peóns novo no IES para que os nenos non teñan que subir ao Panteón e baixar, aínda que coida que como é unha zona complexa, o ideal sería un paso elevado. Opina, por outra banda, que é ilegal que a parte traseira do instituto dea a unha pista sen saída, e que debería facerse unha rotonda con fondo de saco. Engade que, ademais, as pólas rotas poden caer sobre os nenos, e que opina que Carral "sempre é un caos". Pregunta que solución se lles vai dar aos nenos que entran dende Carral ao IES, pois no proxecto non ve pasos de peóns.

O señor Alcalde resposta que se están a buscar as mellores solucións con Fomento, a Consellaría e





Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campos da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.:

a adxudicataria da obra, ao que o señor Couto replica que esta última ten que facer o que lle manden.

2.- Pregunta se están de acordo co protocolo que segue TRAGSA en relación aos niños de vespas, ao que o señor Montes resposta que é a empresa autorizada, aínda que recollen os niños cando lles coincide. O señor Couto coída que TRAGSA está a incumprir o protocolo da Xunta de Galicia co beneplácito do PP e pregunta que pensan facer para corríxilo, ao que o señor Montes replica que é algo novo, que están en estudo para atallalo do xeito máis rápido, pois ao estaren a 25 ou 30 metros de altura non é fácil, que se se atopa outro sistema mellor sería bo, e que tamén sería bo que non houbera tanta política polo medio.

O señor Couto invítalo a que lea o protocolo da Xunta na web e que vexa como actúa TRAGSA, de día, subidos a un hórreo cunha espátula. Pide que "lle poñan as pilas a TRAGSA", que fai o que lle dá a gaña co permiso do goberno de Feijóo, e inidica que, se non, hai abelleiros que saben ou bombeiros.

3.- O señor Couto manifesta indica que os reparos de Intervención teñen que ser elevados ao Pleno e pregunta que quere dicir, se é o que fixeron hoxe, ao que a señora Interventora resposta explicando que se dá conta deles e do seu levantamento polo Alcalde mediante os correspondentes decretos. O señor Couto replica que simplemente se pon unha liña, e que a xente non sabe por que foron, ao que o señor alcalde resposta que despois pode pedilos e, a raíz deles, pedir explicacións, como fai o señor Bergondo. Engade que os técnicos están á súa disposición para iso e que están deixando de facer cousas urxentes para darlles explicacións.

Por outra banda, o señor Alcalde manifesta que está preocupado co problema da vespa asiática, pois se se acaban as abellas, seica se acaba o mundo. Coma resultado dunha moción do voceiro da Alternativa dos Veciños na Deputación, esta acordou facilitar infraestruturas económicas e técnicas e asesoramento na materia a toda a provincia. Explica que están a procurar a forma de que non se propague, e que é mellor a retirada do niño se todas as vespas están dentro, polo que din que é mellor ao solpor. Coída que, en canto as árbores perdan as follas, atoparanse máis niños dos que parece. Engade que todos están pendentes do asunto e que, se a empresa incumpre, haberá que sancionala.

Por último, o señor Alcalde indica que antonte houbo unha reunión no Consorcio das Mariñas, e que lles pasarán unha proposta de novos estatutos.

Ao non existir máis temas que tratar, ás 13 horas e 37 minutos, o Señor Alcalde remata a sesión, da que estendo a presente acta (que consta de vinte e seis páxinas numeradas do un ao vinte e seis, e por min asinadas e seladas co carimbo do Concello, impresas en papel ordinario até a súa elevación ao correspondente libro), que asina o Señor Alcalde, do que, coma Secretario do Concello, dou fe.

O ALCALDE

José Luis Fernández Mourino

O SECRETARIO DO CONCELLO

Diego García Doval